

1. O Defensor do Pobo, poderá supervisar a actividade da Administración,
 - a. Dando conta ás Cortes Xerais.
 - b. Dando conta ao congreso de deputados, exclusivamente.
 - c. Dando conta ao goberno de quenda.
2. O Tribunal Constitucional componse de catro membros a proposta do Congreso por maioría de tres quintos dos seus membros; catro a proposta do Senado, con idéntica maioría,
 - a. Tres a proposta do Goberno, e un a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial
 - b. E catro a proposta do Goberno.
 - c. Dous a proposta do Goberno, e dous a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.
3. Os actos administrativos produciranse por escrito
 - a. A través de medios electrónicos, a menos que a súa natureza esixa outra forma máis adecuada de expresión e constancia.
 - b. A través de medios electrónicos exclusivamente.
 - c. A través de medios electrónicos ou publicados nos diferentes Boletíns Oficiais que correspondan.
4. Os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito no caso de
 - a. Que non se estableza expresamente nunha disposición con rango de Lei.
 - b. Que non se estableza expresamente nunha disposición con rango de Lei Cardinal do Estado.
 - c. Que se estableza expresamente nunha disposición con rango de Lei.
5. A nulidade ou anulabilidade dun acto das Administracións Públicas,
 - a. Poderá implicar a dos sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro.
 - b. Implicará a dos sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro.
 - c. Non implicará a dos sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro.
6. Os procedementos dun acto administrativo poderán iniciarse
 - a. De oficio ou a solicitude do interesado.
 - b. Só de oficio.
 - c. Nunca só baixo solicitude do interesado.
7. Enténdese por expediente administrativo o conxunto ordenado de documentos e actuacións que serven de antecedente e fundamento á resolución administrativa,
 - a. Así como as dilixencias encamiñadas a executala.
 - b. Sen incluír as dilixencias encamiñadas a executala.
 - c. E a información que teña carácter auxiliar ou de apoio, como a contida en aplicacións, ficheiros e bases de datos informáticas, notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

8. O órgano competente para a revisión de oficio de disposicións e actos nulos poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados,
 - a. Solicitando, necesariamente, o Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma.
 - b. Sen necesidade de solicitar Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma.
 - c. Solicitando, necesariamente, o Ditame do Consello de Estado exclusivamente.
9. O recurso de alzada poderá interporse
 - a. Ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.
 - b. Ante o órgano que ditou o acto que se impugna, exclusivamente.
 - c. Ante o órgano competente para resolvelo, exclusivamente.
10. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo
 - a. Ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.
 - b. Só ata que se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.
 - c. Só ata que sexa resolto expresamente.
11. O recurso extraordinario de revisión sen haberse ditado e notificado a resolución, entenderase desestimado, quedando expedita a vía xurisdiccional contencioso-administrativa,
 - a. Transcorrido o prazo de seis meses desde a súa interposición.
 - b. Transcorrido o prazo de doce meses desde a súa interposición.
 - c. Transcorrido o prazo de tres meses desde a súa interposición.
12. As universidades non poderán contratar Profesoras e Profesores Axudantes Doutorados/os na mesma ou distinta universidade,
 - a. Por un tempo superior a tres anos.
 - b. Por un tempo superior a seis anos.
 - c. Por un tempo superior a catro anos.
13. O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos laboral réxese polo establecido en a lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario,
 - a. Polo texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como polo texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
 - b. Ademais do apartado anterior, pola demais lexislación laboral e os convenios colectivos aplicables.
 - c. Ademais dos dous apartados anteriores, polo disposto nos Estatutos das universidades.

14. O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, funcionario e laboral, será retribuído con cargo
 - a. Aos orzamentos xerais do estado.
 - b. Aos orzamentos da comunidade autónoma competente.
 - c. Aos orzamentos das súas respectivas universidades.
15. Segundo a Lei do Estatuto dos Traballadores, el contrato de traballo
 - a. Poderase celebrar por escrito ou de palabra.
 - b. Deberá celebrarse por escrito.
 - c. Poderase celebrar por escrito salvo o caso dos contratos fixos-descontinuos e de substitución e os contratos para a realización dunha obra ou servizo determinado.
16. Segundo o Convenio colectivo para o persoal laboral da USC constituirase un Comité Intercentros con un máximo número de membros de:
 - a. Dez
 - b. Trece
 - c. Nove
17. Segundo o Convenio colectivo para o persoal laboral da USC
 - a. Cada ano aprobarase a relación de postos de traballo ou instrumento similar, segundo o procedemento previsto na norma universitaria correspondente
 - b. Cada dous anos aprobarase a relación de postos de traballo ou instrumento similar, segundo o procedemento previsto na norma universitaria correspondente
 - c. Non existe referencia no convenio colectivo á aprobación da relación de postos de traballo ou instrumento similar, pois é competencia da Xerencia da USC
18. Segundo os Estatutos da USC, o persoal de administración e servizos estará constituído por
 - a. O persoal laboral e polo persoal funcionario das escalas propias e das escalas de outras universidades ou de corpos e escalas doutras administracións públicas que presten os seus servizos na USC
 - b. Polo persoal laboral, persoal funcionario e polo persoal estatutario das escalas propias e das escalas doutras universidades ou de corpos e escalas doutras administracións públicas que presten os seus servizos na USC
 - c. Polo persoal laboral e polo persoal estatutario das escalas propias e das escalas doutras universidades ou de corpos e escalas doutras administracións públicas que presten os seus servizos na USC

19. Segundo os Estatutos da USC, ¿de quen depende organicamente o persoal de administración e servizos?
- a. Da Reitoría
 - b. Da Xerencia
 - c. Da dirección do Centro no que exerza os seus servizos
20. Segundo os Estatutos da USC, as liñas xerais do Plan Xeral de Formación para o persoal de administración e servizos serán aprobadas por:
- a. O Consello de Goberno, a proposta da Xerencia
 - b. A Xerencia
 - c. O Consello de Goberno, a proposta da Vicerreitoría competente
21. Segundo os Estatutos da USC, a composición e funcións do Consello Social será regulada por:
- a. Lei da Comunidade Autónoma
 - b. Os Estatutos da USC
 - c. Lei Estatal
22. Segundo o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (CAPÍTULO VI: Deberes dos empregados públicos. Código de Conducta), os empregados públicos:
- a. Obedecerán as instrucións e ordes profesionais dos superiores en todo caso
 - b. Obedecerán as instrucións e ordes profesionais dos superiores, agás que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico
 - c. Obedecerán as instrucións e ordes profesionais dos superiores, agás que interpreten o contrario ás mesmas
23. Segundo o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (CAPÍTULO VI: Deberes dos empregados públicos. Código de Conducta), con respecto aos empregados públicos:
- a. Non existe ningunha incompatibilidade na xestión de asuntos nos que teñan un interese persoal
 - b. Non existe ningunha incompatibilidade na xestión de asuntos nos que teñan un interese persoal, previa comunicación aos órganos competentes
 - c. Absteranse naqueles asuntos nos que teñan un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poda supoñer un risco de plantexar conflitos de interese co seu posto público

24. Segundo o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (CAPÍTULO VI: Deberes dos empregados públicos. Código de Conducta), cal dos seguintes NON é un principio ético dos empregados públicos?:

- a. Os empregados públicos respectaran a Constitución e o resto de normas que integran o ordenamento xurídico
- b. Tratarán con atención e respecto aos cidadáns, aos seus superiores e aos restantes empregados públicos
- c. Axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración na que presten os seus servizos, e cos seus superiores, compañeiros, subordinados e cos cidadáns

25. Segundo o establecido na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, o custo das medidas relativas á seguridade e saúde no traballo

- a. Non deberá recaer en modo algún sobre os traballadores
- b. Deberá ser asumida parcialmente polos traballadores en todo caso
- c. Poderá ser asumida parcialmente polos traballadores, si o convenio colectivo de referencia así o establece

26. Segundo o establecido na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, no marco de todas as cuestións que afecten á seguridade e á saúde no traballo

- a. O empresario deberá consultar aos traballadores, e permitir a súa participación nas mesmas
- b. O empresario poderá consultar aos traballadores, e permitir a súa participación nas mesmas
- c. En ningún caso o empresario deberá consultar cos traballadores, pois é unha cuestión de xestión interna da empresa

27. Segundo o Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela, a lingua de comunicación por defecto na actividade institucional e administrativa da Universidade de Santiago de Compostela:

- a. Será o castelán
- b. Será o castelán ou o galego
- c. Será o galego

28. Segundo o Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela, os documentos e comunicacións de uso interno na Universidade de Santiago de Compostela (USC)

- a. Redactaranse en galego ou castelán ao ser linguas cooficiais en Galicia
- b. Redactaranse en galego
- c. Redactaranse en castelán por temas de interoperabilidade entre administracións do Estado.

29. Segundo se establece na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, con respecto ás accións positivas contempladas no artigo 13 de la lei:

- a. Exclusivamente os poderes públicos de Galicia adoptarán medidas específicas en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto aos homes
- b. Exclusivamente as persoas físicas e xurídicas privadas poderán adoptar este tipo de medidas nos termos establecidos na lei
- c. Os poderes públicos de Galicia adoptarán medidas específicas en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes. Tamén as persoas físicas e xurídicas privadas poderán adoptar este tipo de medidas nos termos establecidos na lei

30. Segundo o establecido na Lei 15/2022, de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e non discriminación, ao respecto da negociación colectiva

- a. Será a empresa a única responsable de velar polo cumprimento do dereito á igualdade de trato e non discriminación na empresa polas causas previstas na lei e, en particular, en materia de medidas de acción positiva e da consecución dos seus obxectivos
- b. A representación legal dos traballadores e a propia empresa velarán polo cumprimento do dereito á igualdade de trato e non discriminación na empresa polas causas previstas na lei e, en particular, en materia de medidas de acción positiva e da consecución dos seus obxectivos
- c. Será a representación legal dos traballadores a única responsable de velar polo cumprimento do dereito á igualdade de trato e non discriminación na empresa polas causas previstas na lei e, en particular, en materia de medidas de acción positiva e da consecución dos seus obxectivos

31. Segundo os Estatutos da USC, cal é o máximo órgano representativo da comunidade universitaria?

- a. O Claustro Universitario
- b. O Consello Social
- c. O Consello de Goberno

32. Segundo os Estatutos da USC a creación de escalas de persoal de administración e servizos non contempladas nos estatutos e establecer o seu réxime retributivo, corresponde a:

- a. O Consello Social
- b. O Consello de Goberno
- c. A Xerencia

33. Segundo o establecido na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, respecto á vixilancia da saúde, nos supostos en que a natureza dos riscos inherentes ao traballo o faga necesario, o dereito dos traballadores á vixilancia periódica do seu estado de saúde

- a. Deberá ser prolongado máis aló da finalización da relación laboral, nos termos que regulamentariamente se determinen
- b. Poderá ser prolongado máis aló da finalización da relación laboral, nos termos que regulamentariamente se determinen
- c. Unha vez finalizada a relación laboral finaliza simultaneamente a vixilancia da saúde da persoa traballadora en relación con ese traballo finalizado